

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

1159 *Real decreto 64/2015, do 6 de febreiro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, e se modifica o Regulamento da Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias, aprobado polo Real decreto 705/1997, do 16 de maio.*

A Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, ten entre os seus fins conseguir un maior equilibrio e transparencia nas relacións comerciais entre os diferentes operadores, e mellorar o acceso á información e rastrexabilidade da cadea alimentaria, regulando as prácticas comerciais e promovendo códigos de boas prácticas entre os operadores.

O presente real decreto establece disposicións relativas ás boas prácticas na contratación alimentaria, ao Observatorio da Cadea Alimentaria, aos laboratorios agroalimentarios para o control oficial da calidade comercial en orixe dos produtos agroalimentarios coordinados polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e á modificación do Regulamento da Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias.

Este regulamento contén o desenvolvemento do disposto na Lei 12/2013, do 2 de agosto, en consonancia co previsto no Regulamento (UE) 1308/2013 do Parlamento e do Consello Europeo, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios, e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2011 e (CE) n.º 1234/2007, así como o disposto na Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas.

O capítulo I establece como obxecto do real decreto o desenvolvemento da Lei 12/2013, do 2 de agosto, e algunhas consideracións xerais para garantir o seu cumprimento.

O capítulo II versa sobre algúns aspectos relacionados co Código de boas prácticas mercantís na contratación alimentaria.

Na sección primeira deste capítulo establécense os requisitos necesarios para se acoller ao proceso de mediación, así como o procedemento que seguirán os operadores que o soliciten.

Na sección segunda desenvólvese o Rexistro Estatal de Boas Prácticas Mercantís na Contratación Alimentaria como instrumento público no cal se inscribirán o Código de boas prácticas mercantís na contratación alimentaria e todos aqueles operadores que, intervindo na cadea alimentaria, se adhiran a el.

A lei posibilita a inscrición no Rexistro doutros códigos con maior nivel de exigencia para os operadores que o establecido no Código de boas prácticas mercantís na contratación alimentaria, de nivel nacional ou suprarrexional, así como para os operadores adheridos a eles.

Así mesmo, nesta sección establécense os principios xerais do Rexistro Estatal, os suxeitos e actos susceptibles de se inscribiren no dito rexistro, así como o procedemento, o contido e as consecuencias da inscrición, o procedemento de cancelación e, por último, desenvólvese un artigo sobre a publicidade do Rexistro.

O capítulo III desenvolve a composición e o funcionamento do Observatorio da Cadea Alimentaria que substitúe o Observatorio de Prezos dos Alimentos, cuxa normativa de creación se derroga pola Lei 12/2013, do 2 de agosto.

O novo observatorio continuará exercendo as funcións relacionadas cos prezos dos alimentos e asumirá novas funcións relacionadas co funcionamento da cadea alimentaria. O Observatorio da Cadea Alimentaria componse do Pleno, da Comisión Executiva e dos grupos de traballo que se creen para o efecto.

O capítulo IV está dedicado á Rede de laboratorios agroalimentarios de control da calidade comercial en orixe e á Mesa de Coordinación de Laboratorios Agroalimentarios.

A Rede de laboratorios agroalimentarios de control da calidade comercial en orixe, que regula a disposición adicional segunda da Lei 12/2013, do 2 de agosto, é un instrumento de natureza científico-técnica que dá apoio á Mesa de Coordinación de Laboratorios Agroalimentarios e que permite unha xestión máis eficaz do control analítico oficial da calidade comercial en orixe dos produtos agroalimentarios e medios da produción agraria.

A calidade agroalimentaria en xeral ten unha dobre vertente. En primeiro lugar, por calidade comercial agroalimentaria entendemos o conxunto de propiedades e características dun alimento, consecuencia das exigencias previstas nas disposicións obrigatorias relativas ás materias primas ou ingredientes utilizados na súa elaboración, aos procesos utilizados nela, así como á composición e presentación do produto final. En segundo lugar, por calidade diferenciada (denominacións de orixe protexidas, indicacións xeográficas protexidas ou especialidades tradicionais garantidas) enténdese o conxunto de características dun produto agrario e alimentario vinculadas a unha orixe xeográfica ou tradición, consecuencia do cumprimento de requisitos establecidos en disposicións de carácter voluntario, relativas ás súas materias primas ou procedementos de produción, transformación ou comercialización.

As disposicións recollidas no presente real decreto refírense exclusivamente á calidade comercial agroalimentaria levada a cabo en orixe polo que quedan fóra do ámbito de aplicación deste real decreto os controis de calidade levados a cabo nos puntos de venda ao consumidor final, nas expedicións á Unión Europea, nas operacións de comercio exterior, ou ben os controis sanitarios, competencia todos eles doutras administracións.

A Mesa de Coordinación de Laboratorios Agroalimentarios, aprobada pola Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural, constitúese como un grupo de traballo para que se leve a cabo a coordinación dos laboratorios que interveñen no control oficial da calidade comercial en orixe dos produtos agroalimentarios e medios de produción agraria e, ao mesmo tempo, como foro de intercambio e de información en temas relacionados con estes laboratorios e métodos de análise, favorecendo así o desenvolvemento e a continuidade destas tarefas.

A disposición derradeira primeira inclúe a modificación do Real decreto 705/1997, do 16 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias.

Modifícanse determinados aspectos do procedemento de recoñecemento das organizacións interprofesionais alimentarias, así como do de revogación e retirada do seu recoñecemento. Adécuase o procedemento de extensión de normas ao procedemento de tramitación normativa previsto no artigo 24 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno. Desígnase o director da Axencia de Información e Control Alimentarios como competente para iniciar o expediente sancionador en determinados sectores conforme a Lei 12/2013, do 2 de agosto, e, por último, modifícanse a composición do Pleno do Consello Xeral de Organizacións Interprofesionais Agroalimentarias, da súa Comisión Permanente e o procedemento de nomeamento e cesamento dos membros do Consello.

Na tramitación do presente real decreto foron consultados as comunidades autónomas e o sector afectado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de febreiro de 2015,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposición xeral

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto desenvolver parcialmente a Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, en relación co Código de boas prácticas mercantís na contratación alimentaria, co Observatorio da Cadea Alimentaria, coa Rede de laboratorios agroalimentarios, e desenvolver parcialmente a Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais, coa modificación do seu regulamento aprobado polo Real decreto 705/1997, do 16 de maio.

CAPÍTULO II

Código de boas prácticas mercantís na contratación alimentaria

Sección 1.ª Mediación

Artigo 2. *Requisitos e procedemento.*

1. O Código de boas prácticas mercantís na contratación alimentaria incluírá a facultade de que, en caso de non haber acordo entre as organizacións de produtores e os compradores no prezo dos contratos alimentarios que teñan por obxecto produtos agrarios non transformados, na súa primeira venda, calquera de ambas as partes se poderá acoller ao procedemento de mediación sempre que cumpran os seguintes requisitos:

a) Tratarse dunha relación contractual na cal o vendedor sexa unha organización de produtores, que opere en nome e representación dos seus asociados, con personalidade xurídica propia e recoñecida de acordo co previsto na normativa comunitaria no ámbito da política agrícola común ou da política pesqueira común.

b) A relación contractual débese referir a un produto agrario non transformado, na súa primeira venda.

c) Ambos os operadores deben estar adheridos ao Código de boas prácticas.

2. Calquera das partes que desexe iniciar o procedemento de mediación deberá dirixirse ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral da Industria Alimentaria, para solicitar a emisión dun certificado sobre o cumprimento dos requisitos anteriores.

3. Unha vez que a parte solicitante dispoña do certificado emitido polo Ministerio sobre a súa posibilidade de acceso ao proceso de mediación, poderá solicitar a calquera das institucións de mediación establecidas ao abeiro da Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís, a realización do correspondente acto de mediación, seguindo o procedemento establecido no título IV da citada lei.

O procedemento de mediación iniciarase unha vez que unha das partes o solicite, segundo establece o artigo 16.1 *in fine* da Lei 12/2013, do 2 de agosto.

4. Unha vez concluído o proceso de mediación, o solicitante enviará unha copia da acta e, se é o caso, acordo de mediación á Dirección Xeral da Industria Alimentaria.

5. O contido da mediación non terá carácter vinculante para as partes salvo que así o acordasen expresamente con carácter previo a ela, de acordo co artigo 16 da Lei 12/2013, do 2 de agosto.

Sección 2.ª Rexistro Estatal de Boas Prácticas Mercantís da Contratación Alimentaria

Artigo 3. Principios xerais do Rexistro Estatal de Boas Prácticas Mercantís da Contratación Alimentaria.

1. O Rexistro Estatal de Boas Prácticas Mercantís da Contratación Alimentaria creado no artigo 17 da Lei 12/2013, do 2 de agosto, será único para todo o territorio do Estado e será xestionado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

2. Os procedementos de inscrición e cancelación no Rexistro axustaranse ao establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e neste real decreto, e serán de carácter gratuíto.

Artigo 4. Suxeitos e actos suxeitos a inscrición.

1. No Rexistro inscribíranse:

a) Os operadores da cadea alimentaria adheridos voluntariamente ao Código de boas prácticas mercantís na contratación alimentaria a que se refire o capítulo I do título III da Lei 12/2013, do 2 de agosto.

b) Os operadores da cadea alimentaria adheridos voluntariamente a calquera dos outros códigos de boas prácticas mercantís a que se refire o capítulo II do título III da Lei 12/2013, do 2 de agosto.

2. No Rexistro inscribíranse os seguintes actos:

a) O texto do Código de boas prácticas mercantís na contratación alimentaria a que se refire o capítulo I do título III da Lei 12/2013, do 2 de agosto.

b) O acordo polo que se aproba o Código de boas prácticas mercantís na contratación alimentaria, de acordo co disposto no artigo 15 da Lei 12/2003, do 2 de agosto.

c) Os textos dos outros códigos de boas prácticas mercantís a que se refire o capítulo II do título III da Lei 12/2013, do 2 de agosto.

d) Os acordos polos que se aproban os outros códigos de boas prácticas mercantís.

e) A adhesión e a baixa dos operadores a calquera dos códigos mencionados nas alíneas anteriores.

f) As modificacións que se produzan tanto no Código de boas prácticas mercantís na contratación alimentaria coma nos outros códigos de boas prácticas mercantís.

g) O cesamento da aplicación de calquera dos códigos inscritos no Rexistro que se produza de acordo co procedemento que estea previsto en cada un deles.

3. O director xeral da Industria Alimentaria, como responsable do Rexistro, establecerá a súa organización interna.

Artigo 5. Procedemento de inscrición.

1. A inscrición no Rexistro do Código de Boas Prácticas Mercantís na Contratación Alimentaria e do seu acordo producirase de oficio no prazo máximo dun mes desde que sexa acordado.

As modificacións que se produzan e que afecten os actos inscritos no Rexistro en relación co mencionado código realizaranse igualmente de oficio no prazo dun mes desde que se producisen.

2. A inscrición dos outros códigos de boas prácticas mercantís poderá ser solicitada en calquera momento por instancia das partes que os acordasen. A solicitude para a inscrición deberase axustar ao modelo que se recolle no anexo I do presente real decreto e deberá ir acompañado do texto íntegro do código. Só se procederá á inscrición do código tras comprobarse que cumpre co disposto na Lei 12/2013, do 2 de agosto, e no presente real decreto.

3. A inscrición dos operadores adheridos voluntariamente aos códigos citados nos dous puntos anteriores realizarase en calquera momento logo de comunicación dos interesados á Dirección Xeral da Industria Alimentaria, mediante o modelo que se recolle no anexo II deste real decreto. Esta comunicación irá acompañada da documentación acreditativa da súa adhesión ao código que corresponda dos que se encontren xa inscritos no Rexistro.

4. En ambos os dous casos, os interesados deberán instar a modificación de calquera acto inscrito que non se adecue á realidade, no prazo dun mes desde que esta se producise, indicando a nova situación, debidamente acompañada da documentación acreditativa para a súa incorporación ao arquivo.

5. En calquera dos casos anteriores, poderá utilizarse a sede electrónica do departamento segundo o disposto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo 6. *Contido da inscrición.*

1. A inscrición do Código de boas prácticas mercantís da contratación alimentaria e dos outros códigos de boas prácticas mercantís abranguerá:

- a) O contido do código que sexa obxecto de inscrición.
- b) O nome e os apelidos das persoas físicas e a razón ou denominación social das persoas xurídicas que acordasen o código que se inscribe, así como o seu domicilio, correo electrónico e o número de identificación fiscal, respectivamente.
- c) A identificación e a autorización do encargado do Rexistro e a data da inscrición no Rexistro.

2. A inscrición dos operadores adheridos voluntariamente ao Código de boas prácticas mercantís da contratación alimentaria e aos outros códigos de boas prácticas mercantís abranguerá:

- a) O nome e os apelidos, se son persoas físicas, e a razón ou denominación social, no caso das persoas xurídicas, así como o seu domicilio, nacionalidade e o número de identificación fiscal, en ambos os casos.
- b) Actividade a que se dedica e Código da clasificación nacional de actividades económicas (CNAE) vixente.
- c) Recoñecemento da condición de organización de produtores, se for o caso, segundo a lexislación vixente.
- d) A identificación e autorización do encargado do Rexistro e a data da inscrición no Rexistro.

3. O encargado do Rexistro procederá a asignar a cada código rexistrado e a cada operado un código de identificación.

Artigo 7. *Consecuencias da inscrición.*

1. De conformidade co establecido no artigo 17.2 da Lei 12/2013, do 2 de agosto, os operadores adheridos voluntariamente ao Código de boas prácticas mercantís na contratación alimentaria, tras a súa inscrición no Rexistro Estatal poderán utilizar a mención «Acollido ao Código de boas prácticas mercantís na contratación alimentaria».

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente poñerá á disposición dos operadores adheridos ao mencionado código e inscritos no Rexistro Estatal un logotipo que creará para tal efecto.

2. De conformidade co establecido no artigo 17.2 da Lei 12/2013, do 2 de agosto, a inscrición dos operadores no Rexistro terase en conta na normativa reguladora das axudas e subvencións que en relación coa alimentación e coa cadea alimentaria promova o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

3. O Ministerio realizará periodicamente campañas de promoción para darlles a coñecer aos consumidores a importancia e significación da inscrición no Rexistro por parte dos distintos operadores da cadea agroalimentaria, así como do logotipo que se cree para tal efecto.

Artigo 8. *Procedemento de cancelación.*

1. Procederáse á cancelación rexistral do Código de boas prácticas mercantís da contratación alimentaria e de calquera dos outros códigos de boas prácticas, de oficio ou por instancia de parte, cando cese a súa vixencia de acordo co que se dispuxese para tal efecto nos propios códigos.

A cancelación deberá ser notificada a todas as partes que acordaron o código.

2. Procederáse á cancelación rexistral dos operadores adheridos a calquera dos códigos mencionados no punto anterior que causasen baixa.

A cancelación deberá ser notificada ao interesado.

3. As solicitudes de cancelación por instancia de parte deberánse dirixir á Dirección Xeral da Industria Alimentaria. Para este acto tamén se poderá utilizar a sede electrónica do departamento, segundo o disposto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo 9. *Publicidade do Rexistro.*

1. O Rexistro Estatal de Boas Prácticas Mercantís da Contratación Alimentaria é público.

2. A información obtida do Rexistro non se poderá tratar para fins que resulten incompatibles co principio de publicidade formal que xustificou a súa obtención. Non obstante, o Ministerio poderá utilizar esta información para as comunicacións oficiais aos operadores.

3. En todo caso, o tratamento da información de carácter persoal farase de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

CAPÍTULO III

Funcionamento e composición do Observatorio da Cadea Alimentaria

Artigo 10. *Funcionamento.*

1. O Observatorio da Cadea Alimentaria funciona en Pleno, en Comisión Executiva e nos grupos de traballo que se creen para o efecto, e rexeráse por un regulamento interno que se desenvolverá unha vez constituído.

2. O Pleno do Observatorio da Cadea Alimentaria reuniráse con carácter ordinario, polo menos dúas veces ao longo do ano e, con carácter extraordinario, cando o convoque o presidente, por iniciativa propia ou por solicitude de, polo menos, da terceira parte dos seus membros.

Compételle ao presidente convocar as reunións do Pleno do Observatorio con, polo menos, dez días de antelación e fixar a orde do día.

O prazo da convocatoria poderase reducir motivadamente ata un mínimo de corenta e oito horas de antelación a aquela en que se deba iniciar a sesión correspondente.

3. A Comisión Executiva reuniráse cando así o determine o seu ordenamento de réxime interno.

4. O Observatorio manterá contactos institucionais, a través de comisións ou grupos de traballo, de consulta e cooperación, con outros órganos de cometido similar, especialmente coa Axencia de Información e Control Alimentarios.

5. O Observatorio establecerá as súas normas de funcionamento a través do seu regulamento interno. No non previsto no presente real decreto e nas súas normas de

funcionamento aplicarase o disposto no capítulo II, título II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 11. *O Pleno do Observatorio da Cadea Alimentaria.*

1. O Pleno do Observatorio da Cadea Alimentaria estará integrado polos seguintes membros:

a) Presidente: o director xeral da Industria Alimentaria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, cuxo voto, en caso de empate, terá carácter dirimente.

b) Vicepresidente o director xeral de Comercio Interior, do Ministerio de Economía e Competitividade, que substituirá, se for o caso, o presidente.

c) Vogais:

– Cinco vogais representantes do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente con rango de subdirector xeral: un por proposta do secretario xeral de Pesca, un por proposta do director xeral de Producións e Mercados Agrarios, un por proposta da Dirección Xeral da Industria Alimentaria, un por proposta da Subsecretaría e o director da Axencia de Información e Control Alimentario.

– Tres vogais representantes dos seguintes órganos e organismos da Administración xeral do Estado con rango de subdirector xeral: un da Dirección Xeral de Política Económica, un da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición, e un do Instituto Nacional de Estatística.

– Cinco representantes das comunidades autónomas, que irán rotando en períodos de tres anos seguindo a orde alfabética en castelán.

– Un vogal representante de cada unha das tres principais organizacións profesionais agrarias representativas a nivel estatal.

– Un vogal de cooperativas agroalimentarias.

– Un vogal representante da Federación Nacional de Confrarías de Pescadores.

– Catro vogais das principais organizacións representativas das industrias agroalimentarias no ámbito estatal.

– Dous vogais das organizacións sindicais representativas dos traballadores do sector agroalimentario.

– Catro vogais das asociacións de ámbito estatal da distribución alimentaria (grosista e retalista).

– Un vogal do Consello de Consumidores e Usuarios.

Poderanse nomear ata un máximo de seis vogais convidados de entre as asociacións ou organizacións que o soliciten á Presidencia do Pleno.

d) Actuará como secretario o titular da Subdirección Xeral de Estrutura da Cadea Alimentaria, que terá voz pero non voto nas deliberacións do Pleno.

2. Correspóndelle ao presidente do Observatorio o nomeamento dos vogais que serán propostos polas respectivas unidades e organizacións de procedencia.

3. Correspóndenlles ao Pleno do Observatorio da Cadea Alimentaria todas as funcións indicadas no artigo 20 da Lei 12/2013, do 2 de agosto.

4. O Pleno do Observatorio, directamente ou a través da Comisión Executiva, poderá constituír comisións ou grupos de traballo para o estudo de temas concretos de interese relacionados coa finalidade do Observatorio. Poderase acordar a asistencia dos expertos que se consideren necesarios aos grupos de traballo.

5. O presidente do Observatorio poderá permitir a asistencia ás reunións do Pleno do Observatorio da Cadea Alimentaria daquelas asociacións do sector que así o solicitasen previamente; neste caso, terán voz pero non voto nas súas deliberacións.

Artigo 12. *Comisión Executiva do Observatorio da Cadea Alimentaria.*

1. A Comisión Executiva do Observatorio estará composta polo presidente, o vicepresidente, dez representantes elixidos polo Pleno de entre os seus membros, debéndose manter a mesma estrutura de representación, e o secretario do Pleno, que actuará como secretario da Comisión.

2. A Comisión Executiva exercerá as funcións que expresamente lle delegue o Pleno do Observatorio da Cadea. Todos os seus membros terán voz e voto, coa excepción do secretario, que só terá voz.

Artigo 13. *Financiamento.*

Os gastos derivados do seu funcionamento e da elaboración de estudos non supoñerán, en ningún caso, aumento do gasto público, nin os seus membros percibirán axudas de custo polo exercicio das súas funcións, e financiaranse con cargo ao orzamento de gastos do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

CAPÍTULO IV

Rede de laboratorios agroalimentarios de control da calidade comercial en orixe

Artigo 14. *Fins.*

1. A Rede de Laboratorios Agroalimentarios de control da calidade comercial en orixe (denominada LagroRed), coordinada polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, ten como fins máis destacados:

- a) Desenvolver métodos analíticos.
- b) Fomentar a acreditación.
- c) Facilitar a comunicación.

Todo isto entre os laboratorios que realizan o control oficial da calidade comercial en orixe dos produtos agroalimentarios e medios de produción agraria.

Quedan excluídos os laboratorios que realizan o control oficial de calidade dos produtos agroalimentarios nos puntos de venda ao consumidor final, nas expedicións á Unión Europea, nas operacións de comercio exterior, ou ben aqueles que realizan os controis sanitarios, competencia todos eles doutras administracións.

2. Esta rede configúrase esencialmente como un instrumento para dar apoio á Mesa de Coordinación dos Laboratorios Agroalimentarios no desenvolvemento das súas funcións de colaboración, cooperación e coordinación dos laboratorios que realizan o control oficial da calidade comercial en orixe dos produtos agroalimentarios e medios de produción agraria e para optimizar os seus recursos materiais e humanos.

Artigo 15. *Natureza.*

1. LagroRed constitúese como unha ferramenta informática xestionada pola Dirección Xeral da Industria Alimentaria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través da Subdirección Xeral de Control e de Laboratorios Alimentarios.

2. En LagroRed incorporaranse os datos dos laboratorios designados polas autoridades competentes das diferentes administracións públicas e os dos laboratorios agroalimentarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para realizar o control analítico oficial da calidade comercial en orixe dos produtos agroalimentarios e medios de produción agraria.

Así mesmo, a Dirección Xeral da Industria Alimentaria poderá incluír os datos doutros laboratorios co obxecto de que poidan participar nalgunhas das actividades que se desenvolvan a través de LagroRed.

3. Coa información que conste en LagroRed, a Subdirección Xeral de Control e de Laboratorios Alimentarios confeccionará un catálogo dos laboratorios integrantes da Rede, especificando a súa carteira de servizos.

4. LagroRed tamén lle proporcionará o soporte técnico necesario á Mesa de Coordinación de Laboratorios Agroalimentarios para que poida levar a cabo as funcións que esta ten asignadas.

Artigo 16. Funcionamento da Rede de laboratorios agroalimentarios de control da calidade comercial en orixe.

1. A Rede dispón dunha parte pública de carácter informativo, á cal se pode acceder libremente, e outra de acceso privado limitada aos laboratorios de control oficial membros da Rede e a outras unidades implicadas no dito control oficial.

2. A información incluída en LagroRed revisarase de acordo cos criterios establecidos na Mesa de Coordinación de Laboratorios Agroalimentarios e actualizarase de forma periódica polo menos unha vez ao ano. Os laboratorios integrantes dela serán os que directamente leven a cabo as ditas actualizacións. Este proceso será coordinado pola Subdirección Xeral de Control e de Laboratorios Alimentarios, que establecerá os prazos para o efecto. Non obstante, os laboratorios deberán modificar a súa información sempre que se produzan cambios significativos nela.

Artigo 17. Medios e gastos de mantemento.

O funcionamento de LagroRed non supoñerá incremento do gasto público e será atendido cos medios materiais e de persoal existentes na Dirección Xeral da Industria Alimentaria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Artigo 18. Designación e comunicación dos laboratorios que realizan o control oficial da calidade comercial en orixe dos produtos agroalimentarios e medios de produción agraria.

1. A relación dos laboratorios que sexan designados polas autoridades competentes das diferentes administracións públicas como laboratorios de control oficial para o control da calidade comercial en orixe, conforme a normativa que lles sexa de aplicación, deberá ser comunicada á Dirección Xeral da Industria Alimentaria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para o seu coñecemento e inclusión en LagroRed. Esta notificación deberá comprender os datos do laboratorio e as tarefas para as cales foi designado como laboratorio de control oficial, especificando o alcance da súa acreditación.

2. Os laboratorios designados deberán cumprir, durante todo o tempo que desenvolvan a súa actividade como laboratorio de control oficial, os requisitos exixidos para a súa designación e deberán comunicar á autoridade competente que os designou calquera modificación ao respecto. Esta autoridade, pola súa vez, trasladará a dita información á Dirección Xeral da Industria Alimentaria, que procederá en consecuencia.

Artigo 19. Mesa de coordinación de laboratorios agroalimentarios.

Constitúese a Mesa de Coordinación de Laboratorios Agroalimentarios, con carácter de grupo de traballo, que estará integrada por representantes do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e das comunidades autónomas. Así mesmo, con carácter puntual e cando se considere oportuno, poderase requirir a participación doutro persoal especializado, así como de representantes dos sectores ou doutras organizacións, en razón da materia que se vaia tratar, con voz pero sen voto.

Esta mesa, que estará presidida polo director xeral da Industria Alimentaria, realizará e desenvolverá os estudos e traballos técnicos relacionados con:

1. Mellorar a coordinación e harmonización das actuacións en materia de métodos de análise dos produtos agroalimentarios e medios da produción agraria, nos laboratorios

designados para realizar o control analítico oficial da calidade comercial en orixe dos ditos produtos.

2. Potenciar as actuacións encamiñadas a mellorar a xestión relacionada coa calidade nos laboratorios agroalimentarios.

3. Intensificar a colaboración e cooperación de todas as administracións públicas con competencias no control analítico oficial da calidade comercial en orixe dos produtos agroalimentarios e medios de produción agraria con obxecto de racionalizar e optimizar os recursos dispoñibles.

4. Promover as canles de colaboración e comunicación cos sectores agroalimentarios e asociacións interprofesionais en cuestións de metodoloxía analítica.

5. Facilitar a formación adecuada, continua e progresiva do persoal dos laboratorios responsable das análises oficiais da calidade comercial en orixe dos produtos agroalimentarios e medios da produción agraria.

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente poderá establecer, por proposta da Mesa e se proceder, mecanismos para a realización de determinados traballos e estudos acordados na dita mesa.

Disposición adicional única. *Constitución de institución de mediación.*

Sen menoscabo do disposto no artigo 2 do presente real decreto, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente poderase constituír en institución de mediación de conformidade coa Lei 5/2012, do 6 de xullo, se así o considera necesario.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento da Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias.*

Modifícase o Regulamento da Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias, que figura como anexo ao Real decreto 705/1997, do 16 de maio, na forma que se indica a seguir.

Un. A alínea c) do artigo 2 queda redactada nos seguintes termos:

«c) Acreditación do grao de implantación da organización interprofesional agroalimentaria mediante un baremo que, proposto pola organización interprofesional solicitante do recoñecemento e logo de ser referendado polos membros das súas distintas ramas de actividade, deberá ser aprobado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.»

Dous. O artigo 3 queda redactado como segue:

«Artigo 3. *Actos de instrución.*

Os actos de instrución necesarios para o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se deba pronunciar a resolución serán realizados pola Dirección Xeral da Industria Alimentaria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.»

Tres. O artigo 4 queda redactado como segue:

«Artigo 4. *Informes.*

A Dirección Xeral da Industria Alimentaria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente solicitará, para efectos do recoñecemento, informe non vinculante do Consello Xeral de Organizacións Interprofesionais Agroalimentarias. Así mesmo, poderanse solicitar cantos informes sexan necesarios para resolver.»

Catro. O artigo 7 queda redactado como segue:

«Artigo 7. *Proposta de resolución.*

Finalizado o trámite de audiencia, o titular da Dirección Xeral da Industria Alimentaria, por conduto do titular da Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación, elevará á ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a correspondente proposta de resolución.»

Cinco. O número 1 do artigo 8 queda redactado como segue:

«1. O expediente de recoñecemento da organización interprofesional agroalimentaria resolverase mediante orde ministerial no prazo máximo de tres meses a partir do día seguinte ao da data de entrada da solicitude en calquera dos rexistros do órgano administrativo competente.

Esta resolución notificaráselle á organización interprofesional agroalimentaria solicitante coas razóns que a motivan.»

Seis. Os números 1 e 2 do artigo 9 quedan redactados como segue:

«Artigo 9. *Revogación do recoñecemento.*

1. O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de oficio ou por instancia de parte, revogará o recoñecemento daquelas organizacións interprofesionais agroalimentarias que incorran nalgún dos supostos previstos no artigo 11 da lei, logo da audiencia das ditas organizacións e do informe do Consello Xeral de Organizacións Interprofesionais Agroalimentarias.

2. A resolución pola cal se revoga ou retira o recoñecemento dunha organización interprofesional agroalimentaria notificaráselle á dita organización, con expresión das razóns que a motivan, e publicarase no *Boletín Oficial del Estado* para efectos informativos. Así mesmo, procederase a inscribir a revogación no Rexistro de Organizacións Interprofesionais Agroalimentarias.»

Sete. O artigo 11 queda redactado como segue:

«Artigo 11. *Actos de instrución.*

Os actos de instrución necesarios para o coñecemento e a comprobación dos datos en que se fundamenta a extensión de norma serán realizados pola Dirección Xeral da Industria Alimentaria.

En todo caso, solicitaráselles aos departamentos ministeriais que poidan estar implicados canta información ou documentación se considere conveniente.»

Oito. O artigo 12 queda redactado como segue:

«Artigo 12. *Informes.*

A Dirección Xeral da Industria Alimentaria solicitará, para efectos de extensión de normas, informe do Consello Xeral de Organizacións Interprofesionais Agroalimentarias, o cal deberá ser emitido no prazo máximo dun mes. En todo caso, os proxectos de ordes de extensión de normas deberán ser sometidos a informe da secretaria xeral técnica do departamento. Así mesmo, poderán solicitarse cantos informes e consultas sexan necesarios no procedemento de elaboración dos proxectos de ordes de extensión de normas.»

Nove. O artigo 13 queda redactado como segue:

«Artigo 13. *Información pública.*

O acordo para o cal se solicita extensión de normas e, se é o caso, as achegas económicas correspondentes, someterao a información pública a Dirección Xeral

da Industria Alimentaria mediante anuncio no «Boletín Oficial del Estado», co fin de que os interesados poidan examinar o expediente no lugar que se indique e presentar as alegacións que se xulguen pertinentes no prazo que se estableza no dito anuncio, o cal non poderá ser inferior a quince días.»

Dez. Suprímese o artigo 14.

Once. O artigo 15 queda redactado como segue:

«Artigo 15. *Aprobación.*

A aprobación da extensión de normas terá lugar mediante orde do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que determinará o período de vixencia do acordo que se fai extensivo.

Cando a materia obxecto de extensión de normas estea relacionada coa competencia de varios departamentos ministeriais, aprobarase mediante orde ministerial conxunta.»

Doce. O artigo 18 queda redactado como segue:

«Artigo 18. *Órganos competentes.*

O órgano competente para iniciar o expediente sancionador é o director xeral da Industria Alimentaria, que nomeará como instrutor o subdirector xeral competente por razón da materia ou do sector. No caso dos sectores oleícolas, lácteos e daqueles outros que se determinen regulamentariamente, de acordo co establecido no número 5 da disposición adicional primeira da Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, iniciará e instruírá o director da Axencia de Información e Control Alimentarios.»

Trece. O artigo 23 queda redactado como segue:

«Artigo 23. *Composición.*

1. O Consello Xeral de Organizacións Interprofesionais Agroalimentarias, como órgano colexiado adscrito á Secretaría Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, actuará en pleno e en comisión permanente.

2. O Pleno do Consello Xeral de Organizacións Interprofesionais Agroalimentarias estará integrado por:

- a) Presidente: o titular da Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación.
- b) Vicepresidente: o titular da Dirección Xeral da Industria Alimentaria.
- c) Vogais:

Tres representantes do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, sendo un deles o titular da Secretaría Xeral Técnica.

Dous representantes do Ministerio de Economía e Competitividade.

Un representante do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Sete representantes das comunidades autónomas.

Seis representantes das organizacións profesionais agrarias.

Dous representantes das organizacións de cooperativas agrarias.

Catro representantes das organizacións de cooperativas pesqueiras e de organizacións de produtores pesqueiros recoñecidas.

Seis representantes das organizacións da industria e do comercio alimentario.

Un representante das organizacións de consumidores.

Actuará como secretario o titular da Subdirección Xeral de Estrutura da Cadea Alimentaria.

3. A Comisión Permanente estará integrada por:

- a) Presidente: o titular da Dirección Xeral da Industria Alimentaria.
- b) Vicepresidente: o titular da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.
- c) Vogais:

Dous representantes do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Catro representantes das comunidades autónomas.

Tres representantes das organizacións profesionais agrarias.

Un representante das organizacións de cooperativas agrarias.

Dous representantes das organizacións de cooperativas pesqueiras e de organizacións de produtores pesqueiros recoñecidas.

Tres representantes das organizacións da industria e do comercio agroalimentario.

Actuará como secretario o secretario do Consello.»

Catorce. O número 1 do artigo 31 queda redactado como segue:

«Artigo 31. *Nomeamento e cesamento.*

1. Os membros do Consello serán nomeados polo presidente do Consello, por un período de catro anos, de acordo coas seguintes normas:

a) Os vogais representantes da Administración xeral do Estado, membros titulares do Consello, que terán rango polo menos de director xeral, serán propostos polos respectivos subsecretarios dos departamentos representados.

b) Os representantes das comunidades autónomas serán propostos polas súas respectivas administracións. O dereito a representación para cada período das comunidades autónomas exercerase de acordo cos seguintes criterios:

1.º As dúas comunidades autónomas con maior achega ao produto interior bruto (PIB) agroalimentario nacional.

2.º As dúas comunidades autónomas con maior importancia relativa medida en PIB agroalimentario, para todos aqueles sectores en que haxa recoñecidas organizacións interprofesionais agroalimentarias e que non estean incluídas no suposto previsto na alínea a).

3.º A comunidade autónoma con maior achega ao PIB pesqueiro nacional non incluída nos supostos previstos nas alíneas a) e b) anteriores.

4.º As dúas comunidades autónomas que non estivesen representadas no Consello en períodos anteriores, atendendo aos criterios previstos nos parágrafos anteriores e seguindo a orde alfabética en castelán.

c) Os representantes das diversas organizacións representativas serán propostos por aquelas entidades que se determine ao respecto, en función da súa representatividade.

d) Cada vogal terá un suplente que será proposto e nomeado na mesma forma que o titular.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase de conformidade coa habilitación contida no artigo 149.1, 13.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira terceira. *Contención de gasto público.*

As medidas incluídas nesta norma serán atendidas coas dotacións orzamentarias ordinarias do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e non poderán supoñer incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de febreiro de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE PARA A INSCRICIÓN DOS OUTROS CÓDIGOS DE BOAS PRÁCTICAS MERCANTÍS

I. NOME DO CÓDIGO

II. ORGANISMOS E/OU ASOCIACIÓNS ASINANTES DO CÓDIGO

III. DATA DE APROBACIÓN DO CÓDIGO: DD/MM/AAAA

IV. SECTORES QUE AFECTA

V. COMUNIDADES AUTÓNOMAS AFECTADAS

VI. DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA.

- Acordo polo cal se aproba o código.
- Texto íntegro do código
- Outras (especificar).....

VII. SOLICITUDE

O que asina abaixo solicita a inscrición no Rexistro Estatal de Boas Prácticas Mercantís na Contratación Alimentaria do acordo de aprobación e do texto que se xunta a esta solicitude, de acordo co artigo 6 do Real decreto 64/2014, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria

.....,de.....de

(Sinatura)

Sr. Director Xeral da Industria Alimentaria.
Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.
P.º Infanta Isabel, 1.
28071 Madrid.

ANEXO II

**MODELO DE SOLICITUDE PARA A INSCRICIÓN DE OPERADORES ADHERIDOS
VOLUNTARIAMENTE AO CÓDIGO DE BOAS PRÁCTICAS MERCANTÍS
NA CONTRATACIÓN ALIMENTARIA E/OU AOS OUTROS CÓDIGOS SEGUNDO
A LEI 12/2013, DO 2 DE AGOSTO**

I. DATOS DE IDENTIFICACIÓN PERSOAL (cúbrase en caso de ser persoa física).

NOME				NIF	
Rúa/praza e número				Localidade	Provincia
Código postal				Teléfono e fax	
Correo electrónico					

II. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA EMPRESA (cúbrase en caso de ser persoa xurídica)

NOME OU RAZÓN SOCIAL				NIF	
Rúa/praza e número				Localidade	Provincia
Código postal				Teléfono e fax	
Correo electrónico					

DATOS PERSOAIS E DOMICILIO DO REPRESENTANTE DA EMPRESA

NOME				NIF	
Rúa/praza e número				Localidade	Provincia
Código postal				Teléfono e fax	
Correo electrónico					

III. SECTOR DE ACTIVIDADE

Código da Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE) vixente:
--

IV. A EMPRESA É UNHA PEME SI NONV. PERTENCE A UNHA ORGANIZACIÓN DE PRODUTORES SI NON

VI. DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- Documentación acreditativa de estar adherido ao Código de boas prácticas mercantís na contratación alimentaria e/ou aos outros códigos.
- Documentación acreditativa de ter a condición de peme.
- Documentación acreditativa de pertencer a unha organización de produtores.

VII. SOLICITUDE

O que asina abaixo solicita a súa inscrición no Rexistro Estatal de Boas Prácticas Mercantís na Contratación Alimentaria de acordo co artigo 7 do Real decreto 64/2014, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria

.....de.....de

(Sinatura)

Sr. Director Xeral da Industria Alimentaria.
Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.
P.º Infanta Isabel, 1.
28071 Madrid.